



Acta nº 03-25/26

En Ourense a 10 de Novembro de 2025, ás 17:45 reunímonos Carlos Vila, María José Álvarez, Susana Rodríguez, Fernando Romeu e Pablo Álvarez para o seguinte orde do día:

- Alumnado coa materia pendente do curso anterior
- Avaliacións iniciais.
- Seguimento das programacións didácticas.
- Actividades complementarias e visitas.
- Orde nos talleres e aulas de informática.
- Rogos e preguntas.

Alumnado coa materia pendente do curso anterior

Infórmase ós integrantes do departamento de Tecnoloxía dos resultados das probas de pendentes da primeira avaliación.

- 1ESO:
 - Presentados ó exame 6 de 7.
 - Boletín de traballo entregados 0 de 7.
 - Superan a primeira avaliación só 3 alumnos.
- 2ESO:
 - Presentados ó exame 0 de 2.
 - Boletíns de traballo entregados 1 de 2.
 - Ningún alumno supera a primeira avaliación.

Infórmase do nome dos alumnos para que cada profesor que lle imparta clase realice un seguimento máis próximo deste alumnado e complementa a insistencia do xefe de departamento.

Avaliacións iniciais

Tralas avaliacións iniciais realizadas constátase que non é preciso realizar ningunha adaptación curricular ó alumnado de Tecnoloxía e demais materias asignadas ó noso departamento.

Estarase pendente da necesidade de ir aplicando reforzos nos caso que sexa preciso e recórdase a necesidade de indicalo no Xade mediante a lupa amarela..



Seguimento das programacións didácticas

Faise un repaso por tódalas materias do departamento para comentar entre todos o ritmo e a evolución coas que vai cada grupo. Apréciase que todas as materias van en data e cumprindo co planificado nas correspondente programacións didácticas.

Actividades complementarias e visitas

Infórmase ó profesorado do departamento de Tecnoloxía das diferentes actividades que están planificadas para realizar ó longo do curso.

En concreto, unha das actividades máis próximas a realizarse é unha charla da UVIGO sobre Intelixencia Artificial para os alumnos e alumnas de 4ºESO. Decídese proporlle como datas posibles o 3 de decembro ou o 17 de decembro ás 2 últimas horas. Pablo puntualiza a importancia de informarse se é preciso que o alumnado leve ou utilice o seu dispositivo durante a charla.

Orde nos talleres e aulas de informática

Pregúntase pola orde nos talleres de tecnoloxía e todos están dacordo en que se mantén bastante ben a organización da ferramenta e dos postos de traballo.

O xefe de departamento propón que as aulas de informática queden máis colocadas ó rematar as clases (pantallas paralelas á mesa, cadeiras levantadas,...). En relación a isto, Pablo propón facer un clonado xeral dos equipos das aulas de informática e proceder ó seu conxelado para evitar cambios de configuración e de fondos de pantalla xa que interfieren bastante no axeitado desenvolvemento das sesións lectivas.

Rogos e preguntas

Pablo transmíteme necesidades de compra de material para o taller (listóns de madeira).

Susana vai facer un proxecto de fabricación dun Tangram e precisaría madeira, pero conclúese que é máis aconsellable facelo con cartón duro.

Con todos estes asuntos, levántase sesión ás 18:45.

Asinado Xefe do Departamento

Carlos Vila